



## Publicacións

### *Catálogo de músicos da Limia*

Editorial: Difusora de Letras, Artes e Ideas, S. L.

Ano de publicación: 2005

Lugar: Ourense.

ISBN:84-933890-2-1

Coordinación da obra: Cástor Castro

Coordinación editorial: Xavier Paz, Henrique Torreiro.

Investigación. Cástor Castro, M<sup>a</sup> Socorro Rúa, Iván Area, Roberto de Andrés, Félix Castro, M<sup>a</sup> del Carmen Gil, Pablo Carpintero.

Texto. Delfín Caseiro, Cástor Castro.

Fotografía: Alba Vázquez carpentier.

Descrición: 64 páxinas.

---

A través das páxinas deste libro descóbrese as historias de vida de moitos músicos tradicionais que naceron ou desenvolveron o seu labor na comarca da Limia. Este Catálogo de músicos da Limia. Música tradicional é a segunda entrega editorial do Museo da Limia, na súa tentativa de recuperación e posta en valor dos activos identitarios e dos homes e mulleres da comarca. Para alén dos obxectivos que se marcaran no Catálogo de autores da Limia. Literatura e Humanidades, esta obra pretende un outro obxectivo que se pode dicir máis social: o recoñecemento dos músicos tradicionais, para así dignificarmos o seu saber, a súa arte e a eles propios.

Experiencia innovadora no ámbito galego, toma como punto de partida estudos de campo feitos desde 1994, tanto por xente da Aula de Música Tradicional Gomes Mouro (Cástor e Félix Castro, Iván Area, Fran Gómez

Cano...), como por Pablo Carpintero, e mesmo con algún material achegado polo Colectivo Castro Floxo, que daba unha listaxe inicial duns 15 músicos. Os autores dedicáronse a realizar novas entrevistas, novas gravacións dos repertorios, a visitar gaiteiros citados polos anteriores e pendentes de recoller, a entrevistar familiares dos xa falecidos para que deran máis datos sobre a súa vida, etcétera.

Froito deste intenso traballo, a listaxe final mostra máis de 125 músicos ou agrupacións tradicionais (máis de 250 ao contar individualmente os membros de cada grupo □caixa, bombo, etc.□), dos que no catálogo saen referenciados 79, e abrangue desde finais do século XIX até mediados dos anos 80. Recóllense tanto gaiteiros solistas e grupos de gaitas como acordeonistas (principalmente de diatónico), violinistas e acordeonistas cegos, e mesmo algún grupo (denominados «músicas» na zona), e tamén de modo testemuñal varias cantareiras destacadas.

Neste catálogo, de 64 páxinas, inclúense ademais 16 partituras seleccionadas do repertorio dos músicos que aparecen □cuxa gravación orixinal se pode descargar en internet□, e fotografías antigas.

Dado o inxente material acumulado (máis de cen entrevistas, máis de oitenta horas de audio, máis de catrocentas pezas de repertorio, e moitas fotografías antigas, etc.), os autores xa están a elaborar unha obra máis ampla, de próxima aparición.

